



Liñas Estratéxicas 2020–2023

Cara aos 25 anos do Fondo Galego de
Cooperación e Solidariedade

INDÍCE

1.	PRESENTACIÓN	3
2.	MISIÓN E VISIÓN	4
3.	BALANCE DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS 2016-2019	6
4.	CONTEXTO	10
5.	OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN	12
6.	MATRIZ DO PLAN ESTRATÉXICO	19

1. PRESENTACIÓN

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro de carácter municipalista que agrupa a Concellos e Deputacións de toda Galicia, unidos pola preocupación común de levar adiante iniciativas de cooperación ao desenvolvemento cos países do Sur. Tras 23 anos de andaina, o Fondo Galego suma un total de 101 administracións locais no momento de aprobación das presentes Liñas Estratéxicas.

Co Fondo, todos os Concellos poden participar no desenvolvemento de accións de cooperación que doutro xeito lles resultarían practicamente inviables. Así mesmo, evita as duplicidades e permite delegar, total ou parcialmente, a xestión da cooperación nunha instancia propiamente municipalista, reforzándose a capacidade das administracións locais galegas para exercitar a cooperación directamente. Deste xeito, aseguramos a súa coherencia global, unha maior eficacia, eficiencia e impacto.

Neste documento quedan reflectidos os obxectivos e estratexias que guiarán as actuacións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade durante o período 2020-2023. Un período crucial para a entidade no que cumprirá os 25 anos de historia. Deste xeito, iníciase unha nova etapa que consolida os esforzos da entidade nos últimos anos, en aras de traballar cunha mirada a medio prazo e sempre coa intención de mellorar nos procesos e adaptármonos ás peculiaridades e demandas do municipalismo cooperante.

As Liñas Estratéxicas 2020-2023 estrutúranse en 5 obxectivos que resumen de xeito claro e sintético as principais orientacións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para os próximos catro anos. Cada un dos obxectivos inclúe liñas de acción para acadalos.

Cómpre remarcar que este documento baséase na firme intención de espallar os valores da solidariedade e os Dereitos Humanos en Galicia, así como contribuír á erradicación da pobreza e desigualdades a nivel global.

2. MISIÓN E VISIÓN

MISIÓN

A misión do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está fixada nos Estatutos da entidade. Estaría definida polas seguintes finalidades:

- a. Contribuír desde o ámbito galego ao desenvolvemento dos países empobrecidos mediante a constitución, administración e xestión dun fondo económico que se constituirá a partir das achegas das entidades asociadas e outras que puidera recibir.
- b. A promoción, financiamento e xestión de proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento e/ou de sensibilización.
- c. Posibilitar unha maior participación das entidades locais nas políticas de cooperación e de solidariedade potenciando a coordinación das mesmas.
- d. Asesorar ás entidades locais en materia de cooperación ao desenvolvemento e de relacións internacionais.
- e. Impulsar a participación da opinión pública e da cidadanía co obxecto de favorecer unha maior comprensión da realidade dos países do Sur, da necesidade dun compromiso ético na loita contra as desigualdades e a prol do establecemento dunha nova orde económica internacional que erradique a pobreza da face do planeta.
- f. Apoiar, e xestionar no seu caso, proxectos e programas que promovan un desenvolvemento sostible nos países en vías de desenvolvemento con criterios de igualdade, de mutua colaboración e respecto ás culturas e ás identidades propias de cada comunidade.
- g. Fomentar as relacións e a colaboración das entidades locais coas ONGD, colectivos de solidariedade e outras institucións ou organismos que compartan idénticos fins, promovendo un intercambio permanente de experiencias.
- h. Procurar que, progresivamente, todas as institucións públicas e privadas que formalicen o seu compromiso con políticas de cooperación ao desenvolvemento destinen un mínimo do 0,7% dos seus respectivos orzamentos para este fin.
- i. Crear un centro de documentación, información e formación que fundamente e proporcione a debida coherencia ás políticas de sensibilización e de cooperación a impulsar desde esta asociación, fomentando o estudo e a investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.
- j. Orientar as políticas de formación de persoal, de capacitación e de profesionalización desde a perspectiva da cooperación descentralizada.
- k. Realizar calquera outro obxectivo compatible coas finalidades do Fondo e que non sexa contrario á normativa legal vixente en cada momento.

VISIÓN

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade nace no ano 1997 en resposta ás demandas e ansias de solidariedade da cidadanía galega, que esixía unha maior implicación das administracións locais na contribución da erradicación da pobreza e as desigualdades. Así, o Fondo Galego, recoñecido pola FEGAMP como a axencia da cooperación municipalista en Galicia, pretende conseguir a implicación de todos os concellos e deputacións na construción dun mundo máis xusto e solidario, seguindo os preceptos dos Dereitos Humanos e dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e propiciando este compromiso como un espazo de encontro das diferentes sensibilidades e forzas políticas con presenza no mundo local.

3. BALANCE DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS 2016-2019

Evitar dar pasos atrás e o fortalecemento interno da asociación foron dúas premisas que guiaron o traballo ao longo do mandato 2015-2019. Sen dúbida, conseguiuuse, grazas ao grande esforzo realizado por todas as entidades socias, que amosaron o seu compromiso participando activamente na vida orgánica da asociación. Canda eles, guiounos tamén o compromiso coa defensa e promoción dos Dereitos Humanos e a acción exterior de Galicia. Compromisos que foron capaces de superarse desde o convencemento de que somos unha rede de persoas e institucións capaces de traballar por intereses comúns e universalistas.

As Liñas Estratéxicas 2016-2019 estruturáronse en 9 obxectivos que resumían de xeito sintético as principais orientacións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para os pasados catro anos. Cada un dos obxectivos incluía liñas para acadalos así coma metas cuantificables, o que supuxo unha novidade.

Ditas Liñas Estratéxicas estaban enfocadas en catro metas principais:

- a. Impulsar o incremento da base asociativa e a súa participación activa na vida orgánica da asociación.
- b. Realzar a figura do Fondo Galego, como unha entidade de prestixio e recoñecemento no sector da cooperación.
- c. A transparencia na xestión.
- d. A implementación e difusión dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

Pasamos a desenvolver o nivel de cumprimento de cada unha delas:

a) Impulsar o incremento da base asociativa e a súa participación activa na vida orgánica da asociación.

Desde o ano 2008 ata o 2015, a asociación sufriu un descenso constante de entidades socias, pasando de 107 a 88, o que supuxo a baixa de 19 administracións locais socias. Neste contexto de perda de interese ou de complicacións a nivel económico para os concellos, os esforzos centráronse en recuperar a masa asociativa. Así, deseñáronse por vez primeira plan anuais de captación, nos que participaron non só os concellos que conformaban a Comisión Executiva, senón tamén outros que se implicaron arreo con esta tarefa. Deste xeito, o Fondo Galego pasou, nun período de catro anos, a un total de 100 entidades socias ao final do mandato. Mais, aínda que non se conseguiu acadar o obxectivo marcado, que era 107 entidades asociadas, o máximo histórico do Fondo Galego, a implicación e o compromiso amosado por parte dos socios confirmou o interese e a boa disposición do municipalismo galego en termos de solidariedade internacional.

Tamén se mellorou na participación activa, tendo lugar as Asembleas Xerais máis participativas na historia do Fondo Galego. Así mesmo, centráronse esforzos en facer partícipes a todos os concellos e deputacións que conforman o Fondo Galego, convidándoos de xeito formal, por vez primeira, a presentar a súa candidatura para formar parte da Comisión Executiva, órgano de administración e xestión da entidade.

Ao longo deste período tamén se realizaron consultas varias a través de enquisas, ou para facer achegas a cuestións que afectan ao sistema galego de cooperación ou ao propio Fondo Galego, coa idea de fomentar a participación e dar voz ás administracións socias.

b) Realzar a figura do Fondo Galego, como unha entidade de prestixio e recoñecemento no sector da cooperación.

En canto ao traballo institucional, realizouse un grande esforzo por conseguir o recoñecemento do Fondo Galego e en fomentar relacións de colaboración con entidades afíns ao noso eido de actuación.

Así, no ano 2019 acadouse un incremento do convenio de colaboración que a Xunta de Galicia mantén co Fondo Galego desde o ano 2000, pasando dos 40.000€ que viña aportando nos primeiros anos do mandato a 60.000€ no 2019.

Asinouse tamén un convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique, a través do que se xestionou a actividade Vacacións con Traballo nese país e a través da que canalizamos a axuda de emerxencia tras o paso do ciclón Idai. Mais, o importante é que conseguimos un interlocutor estable e fiable, un parceiro con vocación municipalista, que nos recoñece como un actor clave de apoio aos municipios mozambicanos.

Cómpre tamén destacar que outras entidades a nivel internacional nos convidaron a participar en proxectos da UE, visualizándonos como un parceiro sólido e capaz de levar adiante iniciativas de certa envergadura, como o caso do proxecto que está actualmente en marcha en Colombia para apoiar a tres municipios afectados fortemente polo narcotráfico e a guerrilla, liderado polo goberno de Portugal e no que participa tamén o noso aliado o Instituto Marquês de Valle Flôr.

E, sobre todo, cómpre destacar o labor da Comisión Executiva no esforzo amosado por impulsar a Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade. Unha entidade que se achaba totalmente inerte desde había varios anos e que o Fondo Galego conseguiu relanzar, como espazo de encontro para a defensa e posta en valor da cooperación municipalista. Así, desde o ano 2017, o Fondo Galego viu ocupando os cargos da Presidencia e Secretaría da entidade, conseguindo recuperar a vida orgánica e funcional da Confederación.

c) A transparencia na xestión.

Outra das nosas teimas foi incidir na transparencia do Fondo Galego. Neste senso, realizouse unha revisión contable por parte dunha consultora externa, dos anos 2011 ao 2015, que se saldou cun resultado positivo. Aprobouse tamén en Asemblea o Protocolo do pago das cotas. Cómpre salientar asemade que no ano 2019 contratouse unha asesoría xurídica para o asesoramento a respecto de cuestións normativas que puideran afectar ao Fondo Galego, en aspectos relativos á contratación pública ou o branqueo de capitais. Este feito vén marcado pola preocupación e insistencia en adaptármonos á lexislación vixente e en cumprir estritamente coa transparencia na xestión.

d) A implementación e difusión dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

Outra das preocupacións foi a de innovar con actividades que puideran ser atractivas e que nos axudaran a conectar coa realidade dos noso parceiros do Sur. Así, púxose en marcha no ano 2017

o programa Vacacións con Traballo en Galicia, xunto coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique. Unha actividade que axiña centrou o interese das entidades socias e que tivo éxito desde a súa primeira edición.

Tamén cómpre facer unha mención ao traballo de difusión dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, a través de diversas actividades e foros, como o concurso de murais “Muros que unen” apoiado polo Concello da Coruña, os Foros dos anos 2017 e 2018 ou os intercambios de experiencias con municipios portugueses.

En canto aos proxectos no Sur, cabe sinalar que as limitacións orzamentarias comprometeron a actividade do Fondo Galego neste sentido, mais, co aforro efectuado nos exercicios 2015 e 2016, púidose abrir a convocatoria de proxectos para ONGD no 2017, tras dous anos sen realizarse, por unha contía de 150.000€. No entanto, desde esa data non se puido volver lanzar unha nova convocatoria.

Por outra banda, fortaleceuse a cooperación con Mozambique, con dous proxectos nos anos 2017 e 2018 na vila de Nhamayabue, no sector de abastecemento de auga, un programa a dous anos coa Fundação Encontro para conseguir, a través do deporte, o empoderamento das mozas e evitar embarazos precoces, alén de promover unha vida saudable.

Así mesmo, en canto á axuda de emerxencia, no ao 2015 destinouse este tipo de achega a campamentos de persoas refuxiadas saharauís afectadas polas inundacións de outubro e tamén ao municipio de Jama, en Ecuador, para o restablecemento dos seus servizos tras o terremoto que sufriu o país; no ano 2017 apoiouse á poboación refuxiada saharauí e ás persoas refuxiadas en Europa, e no ano 2018 ás persoas afectadas polo *Volcán del Fuego* en Guatemala, así como a un centro de menores orfos ou abandonados en Mozambique. No 2019, canalizouse a través da Asociación Nacional de Municipios de Mozambique axuda de emerxencia tras o paso do ciclón Idai.

Recuperáronse as visitas a terreo, necesarias na súa xusta medida, como ferramenta de coñecemento da realidade, do impacto da achega que estamos ofrecendo e tamén por afianzar as relacións institucionais coas entidades parceiras. No ano 2016, unha delegación de concelleiras galegas participou nun encontro en Mozambique auspiciado pola Rede de Mulleres Autarcas, e no ano 2017 realizouse unha misión político-técnica para avaliar de primeira man os proxectos desenvolvidos e que estaban en curso no país lusófono. En ambos os dous casos, abriuse a participación a todas as entidades socias que quixeran sumarse á misión, por considerar que é patrimonio de todas as entidades socias do Fondo Galego.

Mais o balance do pasado mandato pon de manifesto tamén os desafíos que debemos afrontar:

- A limitación orzamentaria. O sistema de cálculo de cotas está vixente desde o ano 2009, polo que sería preciso facer unha revisión coa pretensión de afianzar o compromiso coa cooperación ao desenvolvemento desde o eido municipal.
- Revisión estatutaria, para introducir linguaxe inclusiva e actualizar termos en desuso no eido da cooperación. Tamén para facer aqueles cambios que se consideren necesarios en virtude dunha maior claridade e transparencia.
- Fortalecer e aproveitar a alianza cos socios estratéxicos en Galicia, como a FEGAMP e os partidos políticos, para reivindicar o potencial dos municipios na cooperación ao desenvolvemento.
- Incrementar os proxectos propiamente municipalistas, con parceiros do Sur que sexan muni-

cípios ou asociacións de municipios, xa que é a nosa plusvalía fronte a outras entidades que fan cooperación. Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía, e a miúdo tamén a máis carente de recursos. Poder cooperar e aproximar a nosa experiencia a municipios do Sur promove a democratización, os Dereitos Humanos, o bo goberno e a boa xestión.

A pesares dos esforzos, as diferenzas entre o Norte e o Sur continúan a ser abismais, e non podemos quedar indiferentes. O Fondo Galego ofrece un espazo mancomunado onde todas as entidades locais poden participar na cooperación ao desenvolvemento, dun xeito máis eficaz, eficiente e con maior impacto e coordinación. Non debemos perder de vista o obxectivo da asociación, que é o de mellorar a calidade de vida das persoas dos países máis empobrecidos, e que a achega das entidades locais, por pequena que sexa, é importante para tal fin.

4. CONTEXTO

Se o mandato 2016-2019 foi unha etapa de estabilidade e fortalecemento interno da asociación, o cambio de goberno tras as eleccións municipais de maio de 2019 abre un novo escenario no que se segue aplicando a máxima da transpartidariedade e consenso que caracteriza o facer do Fondo Galego.

Así mesmo, a Axenda 2030, cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, aprobada pola ONU en setembro de 2015, abre un novo reto para os gobernos locais. Por primeira vez prescínlese da idea clásica das relacións internacionais como relacións entre Estados, e son chamados directamente á acción os gobernos locais, como entidades clave para garantir a consecución das metas. Traballar por estas metas e obxectivos non só a nivel local, senón tamén internacional, guía o traballo do Fondo Galego no horizonte 2030.

Por outra parte, un acontecemento que marcará de facto este novo mandato será a conmemoración do 25 aniversario do Fondo Galego no ano 2022. A cooperación galega e, sobre todo, a cooperación municipalista galega, estará de parabéns polos logros acadados nestes anos de traballo, dos que se dará boa conta chegado o momento. Cómpre aproveitar para reflexionar sobre o noso momento e reivindicar a idoneidade deste espazo tan próximo á cidadanía para exercer a solidariedade.

Cabe sinalar que a redacción das presentes Liñas Estratéxicas prodúcese no marco da recente “crise do coronavirus”, situación que consterna á poboación mundial polo número de persoas infectadas e falecidas, así como polas medidas que os gobernos estatais houberon de tomar para evitar a propagación do virus. A crise do COVID-19 vai supoñer un antes e un despois na forma de relacionarnos entre as persoas, mais tamén entre os países, se ben é certo que o nivel de incerteza é elevado aínda a estas alturas da pandemia global.

Da análise interna do Fondo Galego remarcamos que a entidade conta aínda cunha serie de debilidades, como o baixo orzamento, a escasa visibilidade entre o conxunto do sistema institucional e a propia poboación galega, así coma o insuficiente número de entidades socias, xa que a aspiración é que todas as administracións locais cheguen a formar parte desta asociación municipalista. Mais tamén contamos cunha serie de fortalezas que cabe mencionar: ampla experiencia e traballo acumulado, participación en redes estatais e internacionais, situación económica estable, parceiros do Sur sólidos e solventes e boa participación e receptividade por parte dos concellos socios ás actividades do Fondo Galego. A destacar que desde abril de 2020 o Fondo Galego conta con persoal técnico propio, o que supón que por primeira vez a entidade contará cun equipo técnico experimentado para levar a cabo o cometido da asociación. Un fito histórico que dá conta da madurez e fortalecemento da asociación.

Apúntanse, como principal ameaza externa e enmarcada na crise do coronavirus, que se produza un cambio de prioridades que supoña a baixa dun número significativo de entidades socias. No entanto, xorde unha nova oportunidade: que tras a superación da pandemia a nivel estatal se abra un espazo de maior solidariedade e colaboración cos países do Sur, froito da reflexión sobre a interconexión entre os pobos e a importancia da solidariedade para superar os retos globais.

Non cabe dúbida de que a sociedade galega está cada vez máis conectada co mundo global e é máis consciente das desigualdades Norte-Sur, polo que o Fondo Galego ten perante si un universo inxente de posibilidades para poder facer chegar a súa mensaxe de defensa dos Dereitos Humanos á poboación, máis alá das novas sensacionalistas ou dunha visión paternalista e neo-colonial das poboacións do Sur. A toma de conciencia sobre a nosa responsabilidade como sociedade nas desigualdades a nivel mundial é outra materia que a nosa asociación debe abordar. Os cambios de mentalidade prodúcense lentamente, mais é a única vía para garantir un futuro máis xusto e equitativo a nivel global.

5. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN

1. Eixo de acción: Fortalecemento e acción institucional

Obxectivo 1: Incrementar a base asociativa e a súa implicación en materia de cooperación ao desenvolvemento

Liña de acción 1.1: Consecución dun maior número de entidades socias

Para o fortalecemento da asociación resulta crucial incrementar o número de entidades integradas, o que supón darnos a coñecer a concellos que nunca entraron a formar parte do Fondo Galego, ademais de recuperar aqueles outros que compartindo o ideario consideraron a necesidade de solicitar a baixa en anos atrás. O contexto xeral é máis favorable para que poida haber unha maior sensibilidade por parte do poder local en torno á temática da cooperación ao desenvolvemento.

Indicador: Anualmente adhírense ao Fondo Galego 5 entidades.

Liña de acción 1.2: Revisión do sistema de cálculo de cotas para achegarnos ao 0.7% que marca a ONU

Actualmente, o sistema de cotas do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén determinado pola resolución adoptada pola Asemblea Xeral de entidades socias reunida en sesión ordinaria o día 26 de xuño de 2009. Se ben foi unha solución óptima para o esclarecemento das cotas mínimas que lle correspondía aboar a cada entidade, presenta algunhas peculiaridades que cómpre sinalar:

- a. **Unha fórmula complexa:** A fórmula empregada actualmente para o cálculo das cotas é unha fórmula complexa da que non todas as administracións locais son coñecedoras.
- b. **Esforzo desproporcionado:** O sistema de cotas mínimas actual provoca iniquidade, en termos económicos, entre os concellos de maior e menor número de habitantes. A media da achega que os concellos socios fan en concepto de cota ao Fondo Galego é de 0,11€/habitante ao ano.
- c. As achegas por pago das cotas suman unha cantidade que **non permite medrar** á asociación en termos cualitativos, nin apostar por proxectos de maior magnitude e impacto.

Por tanto, cómpre facer unha análise en profundidade dunha outra fórmula para o cálculo de cotas, tendo en conta estes aspectos: proporcionalidade do esforzo, simplificación do sistema de cálculo de cotas e sustentabilidade do Fondo Galego.

Indicador: O período péchase cun incremento no importe das cotas.

Obxectivo 2: Visibilizar e fomentar os procesos de transparencia da asociación

Liña de acción 2.1: Elaboración de protocolos sobre aspectos clave do funcionamento da asociación

Co obxectivo de gañar en transparencia, propónse a elaboración de protocolos que regulen aspectos do funcionamento interno da asociación, como a contratación, o proceso de selección das sucesivas Comisións Executivas, etc. Ditos protocolos serán pendurados na nova páxina web, que estará lista no 2020, co obxectivo de facilitar a súa consulta a calquera entidade ou persoa interesada.

Indicador: Anualmente apróbanse protocolos de funcionamento interno en función das necesidades e prioridades.

Liña de acción 2.2: Revisión e actualización dos Estatutos tendo en conta a linguaxe inclusiva e o novo contexto global

Os Estatutos foron modificados por última vez no ano 2011. A pesares de conter a esencia da asociación municipalista, dada a evolución do propio concepto de cooperación ao desenvolvemento e os novos paradigmas xurdidos nesta área nos últimos tempos, é preciso adaptar a súa linguaxe aos conceptos técnicos actuais, así como a unha comunicación inclusiva que promova unha máis e mellor visibilización das mulleres. Por outra banda, aproveitarase para facer unha revisión en termos xurídicos, para procurar aquelas modificacións que sexan aconsellables para o mellor acomodo á normativa vixente.

Indicador: Os estatutos son modificados coa aprobación da Asemblea Xeral e publícanse na web de xeito accesible a todas as persoas interesadas.

Liña de acción 2.3: Facilitación da consulta de información ás entidades socias, así como á cidadanía en xeral

Tras as últimas mudanzas no seo do Fondo Galego e en sintonía coas novas tendencias na comunicación dixital, cómpre unha completa revisión da web www.fondogalego.gal, de xeito que as e os internautas poidan acceder de forma rápida e intuitiva aos contidos desde calquera dispositivo, incluíndo algúns aspectos de relevancia coma o portal de transparencia. O obxectivo é contribuír á visibilización do traballo do Fondo Galego ao longo dos case 25 anos de contribución á cooperación ao desenvolvemento impulsada desde o municipalismo galego, así como mellorar na visibilización da transparencia da asociación.

Indicador: Elabórase unha nova páxina web que resulta intuitiva e doada para o acceso de información.

Obxectivo 3: Fomentar alianzas estratéxicas

Liña de acción 3.1: Potenciación do traballo conxunto con entidades galegas como Xunta de Galicia, IGADI, FEGAMP, mancomunidades, Coordinadora de ONGD e partidos políticos

O Fondo Galego debe converterse nunha referencia pública e social no eido da cooperación ao

desenvolvemento en Galicia, de modo que tanto nos concellos e deputacións como noutras entidades da vida pública se instale unha práctica lexitimadora do Fondo. Isto deberá procurarse a través dunha maior información sobre as actividades e misión do Fondo Galego, especialmente ás entidades públicas e privadas do sector. Por tanto, procurárase manter unha maior relación institucional con entidades clave, a nivel municipalista e do propio sector da cooperación galega, instando a unha maior implicación e apropiación, na busca de novas alianzas que poidan favorecer o desenvolvemento dos obxectivos da asociación.

Indicador: Realízanse 3 xuntanzas anuais con entidades galegas coas que se poderían establecer dinámicas de colaboración.

Liña de acción 3.2: Fomento da participación na Confederación de Fondos

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ocupou a Presidencia e Secretaría da Confederación de Fondos desde novembro de 2017 ata febreiro de 2020. Tal e como se planificara, no pasado mandato o Fondo Galego adoptou un papel activo e conciliador dentro da Confederación, recuperando a capacidade de iniciativa e discurso. Desde febreiro de 2020, o Fondo Galego ocupa a Vicepresidencia desta asociación que agrupa aos nove Fondos de cooperación existentes no Estado. A unión e traballo conxunto dos Fondos resulta crucial para a defensa da cooperación municipalista e para emprender novas actividades conxuntas e intercambiar experiencias, como estratexia para o fortalecemento interno do noso Fondo.

Indicador: Asístese ás reunións técnicas mensuais e ás Asembleas convocadas.

Liña de acción 3.3: Impulso da rede de autoridades locais da lusofonía polos ODS

En novembro de 2019 tiña lugar o Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía polos ODS, que reuniu a representantes dos gobernos locais e rexionais de Mozambique, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Angola, Portugal, Santo Tomé e Príncipe e Galicia. Froito deste encontro emanaron dúas propostas claras para o traballo no futuro:

- Realización do Foro anualmente, quedando fixada a cidade de Lisboa para o 2020.
- Elaboración dun memorando de entendemento a asinar entre as partes participantes, onde se senten as bases da cooperación dos gobernos rexionais e locais implicados na consecución dos ODS.
- Elaboración dunha base de datos para o traslado de información e propostas conxuntas.

Neste contexto, co pulo institucional e coa teima de colocar a Galicia como potencial epicentro da cooperación cos países lusófonos, o Fondo Galego preséntase como impulsor da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, que permitirá establecer vías de colaboración entre os municipios de lingua oficial portuguesa e galega. Esta alianza internacional pretende ser un espazo de debate e reflexión sobre os desafíos que afrontan os municipios no cumprimento da Axenda 2030 (sendo conscientes das súas múltiples realidades), as posibilidades da cooperación municipio-municipio e mais a localización dos ODS. Trataríase, en definitiva, de promover o intercambio de experiencias e sinerxías no eido da cooperación ao desenvolvemento e da Axenda 2030.

Indicadores: Elabórase e asínase un memorando de entendemento para operativizar a rede. Asístese aos foros organizados anualmente.

Liña de acción 3.4: Prospección de novos financiadores e diversificación de fondos

Nas ansias por incrementar o volume de proxectos e actividades a realizar, propónse para este mandato a diversificación de fontes de financiamento. As distintas fontes de financiamento poderían vir do ámbito internacional, como a UE, para o que o Fondo Galego xa comezou a traballar e gañar experiencia no mandato anterior. A nivel estatal, a través da Confederación de Fondos, resulta clave unha alianza coa AECID e outras entidades públicas que poidan dar soporte ás actividades que realizamos. Así mesmo, dentro do noso propio territorio, procuraríase unha implicación económica por parte de institucións/entidades públicas que aínda non dedican parte do seu orzamento á cooperación ao desenvolvemento, e a sinatura de convenios con administracións locais como contribucións extraordinarias a proxectos no Sur.

Indicador: Participase en convocatorias da UE e/ou conséguense convenios con entidades locais.

2. Eixo de acción: Sensibilización e comunicación

Obxectivo 4: Formar, informar e visibilizar sobre temas de solidariedade, Dereitos Humanos e ODS ás administracións locais galegas

Liña de acción 4.1: Deseño de actividades en consonancia coas áreas competenciais e preocupacións do municipalismo galego

Nos 23 anos de experiencia do Fondo Galego, a evolución no eido da sensibilización foi un dos aspectos máis destacables da súa traxectoria, pasando de consistir en actividades organizadas de xeito puntual ata chegar a ser definido un plan de actividades anualmente, co cofinanciamento da Xunta de Galicia. A sensibilización gañou en peso e importancia e isto reflíctese non só no orzamento que se destina a estas actividades, senón tamén no número crecente de accións que cada ano organizan os nosos socios, o que dá conta do traballo de interiorización e do valor da nosa actuación a prol da solidariedade internacional.

Neste novo mandato, a sensibilización volve ocupar un posto de máxima relevancia, con introdución de cambios nos plans anuais, conscientes do esgotamento do modelo anterior.

Indicador: Inclúense os ODS nas accións a realizar como eixo transversal.

Liña de acción 4.2: Vinculación das actividades de sensibilización aos proxectos de cooperación financiados

Tal e como foi establecido en convocatorias de proxectos para ONGD dos anos 2017 e 2014, os proxectos aprobados para financiamento debían levar aparellada unha actividade de sensibilización en Galicia relacionada co proxecto, co dobre obxectivo de, por unha banda, visibilizar o traballo impulsado polo Fondo Galego, e por outra, dar a coñecer as ONGD con presenza real en Galicia. O resultado foi moi positivo, tanto para as propias ONGD, que participaron en actividades en vilas onde non tiñan presenza, como para os propios concellos receptores das activida-

des, sobre todo os do rural, aos que non lles resulta doado o acceso a este tipo de actividades. A proposta é continuar con esta dinámica dados os bos resultados acadados por ambas partes.

Indicador: A través da convocatoria de proxectos, fináncianse actividades de sensibilización vinculadas aos proxectos apoiados.

Liña de acción 4.3: Emprego das novas ferramentas de comunicación e deseño de accións novidasas no eido da comunicación

Dada a necesidade de achegarse máis e mellor á cidadanía e ao propio mundo municipal, reforzando a transparencia e multiplicando as accións informativas, cómpre deseñar un novo plan de comunicación para o presente período, que poida dar conta dos obxectivos marcados neste eido. Tras os logros acadados nos últimos anos, cómpre outorgar a esta área de traballo, fortemente vinculada á sensibilización e ao posicionamento do Fondo Galego como entidade de referencia no sector da cooperación en Galicia, un lugar destacado, en consonancia cos novos tempos e as novas canles de comunicación habilitadas.

Indicador: Elabórase unha nova estratexia de comunicación. Deséñanse actividades novidasas anualmente.

3. Eixo de acción: Cooperación ao desenvolvemento

Obxectivo 5: Elevar a cooperación cos países do sur ao eixo central de actividade

Liña de acción 5.1: Lanzamento de convocatorias de proxectos para ONGD con carácter bianual

Tal e como vén sendo habitual, propónse continuar impulsando a convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con sede en Galicia. Mais, para este mandato, inclúese o factor da previsibilidade, moi demandado pola Coordinadora Galega de ONGD. Deste xeito, lanzaranse convocatorias de proxectos nos anos 2020 e 2022. Na xestión da convocatoria faise partícipe á Coordinadora Galega de ONGD que, como entidade experta, fai as súas achegas ás bases propostas polo Fondo Galego e contribúe a que estas sexan xestionadas da forma máis favorecedora para as ONGD.

Indicador: Ábrense convocatorias de proxectos para ONGD en dúas anualidades.

Liña de acción 5.2: Definición dos países prioritarios para a cooperación directa, axuda humanitaria e de emerxencia

Na medida en que a cooperación ao desenvolvemento engloba todas as accións encamiñadas a promover o desenvolvemento humano sostible nos países máis desfavorecidos, o Fondo Galego prioriza algunhas áreas xeográficas co fin de lograr unha máxima eficacia e impacto no uso dos recursos. En liña co establecido no IV Plan da Cooperación Galega, a proposta de concentración dos proxectos de cooperación directa en determinados países vén determina-

da pola limitación dos recursos económicos, que non permite atender a todas as necesidades a nivel global, así como os nexos lingüísticos e culturais cos Países de Lingua Oficial Portuguesa (PALOP) con Índice de Desenvolvemento Humano baixo ou medio.

Por tanto, para o período 2020-2023, os países prioritarios para a cooperación ao desenvolvemento apoiada de xeito directo polo Fondo Galego serán: Mozambique, Guínea-Bissau, Cabo Verde, Timor Leste, Santo Tomé e Príncipe e Angola; así como os países latinoamericanos nos que o Fondo Galego acumula maior traxectoria en cooperación: Nicaragua, Cuba e Perú.

Por outro lado, enténdese a Axuda Humanitaria como o conxunto de accións dispostas a preservar e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises provocadas polo ser humano ou por catástrofes naturais, así como previr e reforzar a capacidade de resposta cando sobreveñan tales situacións. A axuda de emerxencia enmárcase dentro desta categoría.

O Fondo Galego reservará unha partida anual para a Axuda Humanitaria. Os países establecidos como prioritarios polo Fondo Galego terán preferencia na recepción destas axudas, tratando en todo caso, e sempre que sexa posible, que a axuda sexa xestionada por parceiros locais. No caso de que non se produzan catástrofes humanas ou naturais nos países sinalados como prioritarios, a axuda poderá destinarse a outras áreas xeográficas onde se produzan tales calamidades. Neste caso, o Fondo Galego canalizará a súa achega a través do parceiro ou parceiros que se determinen.

Indicador: Todos os proxectos apoiados de xeito directo durante o mandato teñen lugar en algún dos países prioritarios.

Liña de acción 5.3: Incremento do financiamento e número de proxectos apoiados anualmente de xeito directo

Co obxecto de impulsar a área de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, a proposta para o presente mandato é o de reforzar esta área, que por outro lado, reverte directamente nos obxectivos da asociación.

Dando continuidade ao traballo desenvolvido ata a data, propónse continuar apoiando proxectos da man de gobernos locais dos países prioritarios, especialmente con aqueles que xa hai unha dinámica de traballo previa, como Mozambique ou Cabo Verde. Os proxectos estarán enfocados a resolver necesidades básicas da poboación, dando cumprimento aos Dereitos Humanos Universais.

Indicador: Apóíase polo menos un proxecto de cooperación anualmente de xeito directo.

Liña de acción 5.4: Realización de misións político-técnicas aos proxectos de cooperación apoiados de xeito directo

Se ben en mandatos anteriores se suprimiron as misións a terreo polo contexto xeralizado de crise socioeconómica, estas foron recuperadas no pasado mandato, extraendo unha avaliación moi positiva das mesmas. As misións a terreo dannos a posibilidade non só coñecer de primeira man o traballo que se está a impulsar a través do proxectos de cooperación nos países do Sur, senón que nos permiten estreitar lazos e emprender novas relacións institucionais con

actores homólogos ou de interese para o labor desenvolvido polo Fondo Galego. Así mesmo, as persoas que teñen a oportunidade de participar nas misións chegan a un nivel maior de comprensión sobre a realidade dos países do Sur e a importancia da cooperación ao desenvolvemento, retornando como axentes sensibilizadores na súa contorna e na súa administración local.

Polo tanto, propónse para este mandato a realización de dúas misións político-técnicas a terreo, nos anos 2021 e 2023.

Indicador: Realízanse misións de seguimento con carácter bianual.

Liña de acción 5.5: Fomento da cooperación técnica a través do programa Vacacións con Traballo

Vacacións con Traballo é un programa de cooperación técnica e sensibilización dirixido fundamentalmente ao persoal técnico dos concellos e deputacións socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, partindo da base de que o *know how* das administracións locais é unha das ferramentas máis potentes e específicas do municipalismo que coopera.

O programa Vacacións con Traballo leva funcionando ininterrompidamente desde o ano 2005. Ata hoxe, viaxaron a través do mesmo 46 persoas, que xenerosamente e na maioría dos casos ofreceron o seu mes de vacacións para cooperar, desprazándose aos países onde o Fondo Galego ten presenza estratéxica, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación e xerando fluxos de coñecemento compartido, ideas e contactos.

Enténdese coma un programa de dobre dirección onde ambas partes aprenden e onde a implicación das persoas participantes é imprescindible.

Indicador: Ábrense convocatorias anuais para a participación do persoal das administracións locais galegas neste programa de cooperación e voluntariado.

6. MATRIZ DO PLAN ESTRATÉXICO

EXOS DE ACCIÓN	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	CRONOGRAMA				
				2020	2021	2022	2023	
FORTALECIMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL	OBXECTIVO 1: INCREMENTAR A BASE ASOCIATIVA E A SUA IMPLICACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	OBXECTIVO 2: VISIBILIZAR E FOMENTAR OS PROCESOS DE TRANSPARENCIA DA ASOCIACIÓN	Liña de acción 1.1: Consecución dun maior número de entidades socias	Anualmente adólríense ao Fondo Galego 5 entidades				
			Liña de acción 1.2: Revisión do sistema de cálculo de cotas para achegarnos ao 0,7 que marca a ONU	O período péchase cun incremento no importe das cotas				
			Liña de acción 2.1: elaboración de protocolos sobre aspectos clave do funcionamento da asociación	Anualmente apróbranse protocolos de funcionamento interno en función das necesidades				
			Liña de acción 2.2: Revisión e actualización dos estatutos tendo en conta a linguaxe inclusiva e o novo contexto global	Os estatutos revísense e publícanse na web de xeito accesible e a todas as persoas interesadas				
			Liña de acción 2.3: Facilitación da consulta de informacións das entidades socias, así como á cidadanía en xeral	Elábrase unha nova páxina web que resulta intuitiva e doada para o acceso de información				
OBXECTIVO 3: FOMENTAR ALIANZAS ESTRATÉXICAS	OBXECTIVO 4: FORMAR, INFORMAR E VISIBILIZAR SOBRE TEMAS DE SOLIDARIEDADE, DEREITOS HUMANOS E ODS AS ADMINISTRACIONES LOCAIS GALEGAS	Liña de acción 3.1: potenciación do traballo conxunto con entidades galegas como Xunta de Galicia, IGADI, FEGAMP, mancomunidades, Coordinadora de ONGD e partidos políticos	Realízase 3 xuntanzas anuais con entidades galegas coas que se poderían establecer dinámicas de colaboración					
		Liña de acción 3.2: Fomento da participación na Confederación de Fondos	Asístese ás reunións técnicas mensuais e ás Asembleas convocadas					
		Liña de acción 3.3: Impulso da rede de autoridades locais da lusofonía polos ODS	Elábrase e asínase un memorando de entendemento para operativizar a rede. Asístese aos foros organizados anualmente					
		Liña de acción 3.4: Prospección de novos financiadores e diversificación de fondos	Participase en convocatorias da UE e/ou conseguense convenios con entidades locais					
		Liña de acción 4.1: Deseño de actividades en consonancia coas directas competenciais e preocupacións do municipio galego	Inclúense os ODS nas accións a realizar como eixo transversal					
COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	OBXECTIVO 5: ELEVAR A COOPERACIÓN COS PAÍSES DO SUR AO EIXO CENTRAL DE ACTIVIDADE	Liña de acción 4.2: Vinculación das actividades de sensibilización aos proxectos de cooperación financiados	A través da convocatoria de proxectos, financianse actividades de sensibilización vinculadas aos proxectos apoiados					
		Liña de acción 4.3: Emprego das novas ferramentas de comunicación e deseño de accións novidasas no eido da comunicación	Elábrase unha nova estratexia de comunicación. Deseñanse actividades novidasas anualmente					
		Liña de acción 5.1: Lanzamento de convocatorias de proxectos para ONGD con carácter bianual	Apróbase convocatorias de proxectos para ONGD en dúas anualidades					
		Liña de acción 5.2: Definición dos países prioritarios para a cooperación directa, axuda humanitaria e de emerxencia	Todos os proxectos apoiados de xeito directo durante o mandato teñen lugar en algún dos países prioritarios					
		Liña de acción 5.3: Incremento do financiamento e número de proxectos apoiados anualmente de xeito directo	Apróbase polo menos un proxecto de cooperación anualmente de xeito directo					
Liña de acción 5.4: Realización de misións político-técnicas aos proxectos de cooperación apoiados de xeito directo	Realízanse misións de seguimento con carácter bianual							
	Liña de acción 5.5: Fomento da cooperación técnica a través do programa Vacacións con Traballo	Apróbase convocatorias anuais para a participación do persoal das administracións locais galegas neste programa de cooperación e voluntariado						